



## INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DE GALICIA Á REAL ACADEMIA GALEGA

**Santiago, 25 de xullo de 2006**

Excmas. e Ilmas. autoridades

Querido presidente e distinguidos membros da Real Academia Galega

Señoras e señores:

Prodúceme unha especial satisfacción poder presidir este solemne acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia, coa que a nosa Comunidade autónoma honra este ano, o día mesmo en que celebra o seu Día Nacional, á Real Academia Galega.

A concesión e entrega desta medalla expresa o recoñecemento de Galicia á traxectoria dunha das súas institucións máis perseverantes, representativas e valiosas. A Real Academia Galega vén unirse así á selecta relación de persoas e entidades que dende hai 22 anos se fixeron acreedoras a esta distinción polos seus servizos a Galicia ou polas súas demostracións de amizade cara ao noso país.

A relación de dedicación e entrega que a Academia vén mantendo coa causa da lingua e da cultura de Galicia dura xa cen anos. A historia da institución camiña de par da historia do país e do seu devir cultural e reflicte tamén as azarosas circunstancias polas que este tivo que transitar.

É importante, como xa fixo o señor Barreiro Fernández, lembrar as orixes desta institución, non tanto por razóns de inventario histórico como por termos moi presente que o nacemento da Real Academia Galega está estreitamente vencellado á Galicia de alén mar.

Nomes senlleiros da emigración galega en Cuba, periodistas e escritores coma *Waldo Álvarez Insua*, *Fontenla Leal*, *Manuel Lugrís Freire* e *Manuel Curros Enríquez* actúan dende La Habana como fundadores ou impulsores da Asociación Promotora da Academia, outorgándolle a dirección e a eficacia necesarias ás iniciativas que se viñan sucedendo dende 1886 co propósito de crear un organismo para a unificación e normativización do idioma galego.

O impulso chegado dende Cuba atopou correspondencia na cidade de A Coruña, onde o galeguismo reunido en torno a *Manuel Murguía* e á Librería Regional de *Uxío Carré* creou unha comisión que uniu os seus esforzos á que xa traballaba en La Habana. Esta conxunción de tarefas entre a Galicia interior e a Galicia emigrante desembocou na sesión inaugural de 30 de setembro de 1906, celebrada na cidade da Coruña.

Iniciaba así a Real Academia Galega, con *Manuel Murguía* na súa presidencia e *Emilia Pardo Bazán* como presidenta de honra, un camiño que chega ata hoxe mesmo e que en diversos momentos da súa historia tivo como guías a *Andrés Martínez Salazar*, *Eladio Rodríguez González*, *Manuel Lugrís Freire*, *Manuel Casás*, *Sebastián Martínez Risco*,



*Domingos García-Sabell, Francisco Fernández del Riego e o seu actual presidente, Xosé Ramón Barreiro Fernández.*

Cen anos de historia dan para moito e, así, polo medio desa andaina alternanse momentos de gran dinamismo, como o que a institución vive na actualidade, con outros de moi escasa presenza social e mesmo de cansina e escura supervivencia.

Pero aínda en momentos moi difíciles da súa existencia, en momentos nos que incluso a razón de ser da Real Academia Galega parecía carente de horizontes e de futuro, a institución perviviu. E co impulso que lle proporcionou o galeguismo democrático, a Academia foi entrando tamén nun sixiloso pero firme proceso de renovación e de reactivación.

Un dos primeiros e máis magníficos froitos desa renovación foi o apadriñamento por parte da Academia da celebración do Día das Letras Galegas, unha iniciativa xurdida do galeguismo cultural e político, da man dun grupo de persoas entre as que figuraba un futuro presidente da institución, don *Francisco Fernández del Riego*.

A asunción do Día das Letras Galegas por parte dunha Academia que naquel ano de 1963 só estaba empezando a espertar do letargo no que a sumira a Ditadura, supuxo un paso de primeirísima importancia para que a institución comezase a desempeñar as funcións para as que fóra creada e para retomar un protagonismo do que levaba moito tempo ausente.

O transcurso do tempo non fixo máis que reforzar o alcance social e a dimensión popular do Día das Letras Galegas, data que acabou por transcender ao escritor homenaxeado para converterse nunha auténtica festa de país, nunha xornada de celebración da lingua galega e nunha ocasión propicia para a reflexión colectiva sobre o seu presente e o seu futuro.

Pero foi coa restauración da democracia e co acceso de Galicia ao seu autogoberno cando se abriu un tempo verdadeiramente novo para a Real Academia Galega que, se ben nun primeiro momento non estivo caracterizado pola abundancia de medios humanos e materiais, si foi fecundo en avances recuperadores dese seu papel referencial nos asuntos lingüísticos e culturais que a institución perdera en gran medida durante o franquismo.

Durante estes anos, a Academia renóvase por dentro e por fóra, pon en marcha os seus seminarios de Lexicografía e Sociolingüística, produce mapas, dicionarios e léxicos, retoma a actividade investigadora, dá entrada a novos membros, moderniza as súas estruturas materiais e humanas, dótase de maiores recursos e dun mellor financiamento e elabora programas e propostas de actividades tendentes a lograr unha maior identificación coa sociedade e unha maior penetración no tecido cívico, cultural e institucional galego.

Este apresurado e moi panorámico repaso da historia da Real Academia Galega debe servirnos para constatar unha realidade evidente: o centenario da Real Academia Galega



coincide tamén co momento máis feliz e razoablemente esperanzador de toda a súa historia.

Hoxe, por fin, podemos dicir que a nosa entidade referencial en materia lingüística é recoñecida como tal polas leis, polas institucións e polo conxunto da sociedade galega.

E quero facer unha especial incidencia na importancia de que a Real Academia Galega forme xa parte indubidable e sólida, como acabo de sinalar, do tecido institucional da Comunidade autónoma. Porque iso significa tamén que a lingua galega acadou un estatus que vai máis alá das declaracións ben intencionadas e institúese ela mesma en materia da acción e da preocupación institucional, nun asunto de país.

Nun día coma hoxe, nun día que nomeamos lexitimamente *Día Nacional de Galicia*, é bo que lembremos a importancia que ten a lingua galega, o obxecto de traballo e estudo da Real Academia Galega, na conformación da nosa singularidade.

Somos un pobo por moitas razóns. E unha das máis poderosas é que posuímos unha lingua propia, que é como dicir a nosa propia e matizada versión do mundo. Galicia sería outra cousa sen a súa lingua, sen a cultura que nela se expresa e mesmo sen a cultura que, desenvolvida en castelán, ten a súa orixe e a súa entraña no idioma galego e na vivencia de Galicia.

Contar con institucións como a Real Academia Galega, dedicadas a fortalecer e ilustrar un sinal de identidade tan inequívoco como a lingua galega, é unha necesidade e unha sorte para a construción do país.

E que a Real Academia Galega chegue a este seu centenario rodeada dun aura de tranquila esperanza, de proxectos novos, de pulos modernizadores e de confianza no futuro é un excelente síntoma non só para a saúde da institución, senón tamén para a nosa confianza no futuro da lingua galega e de Galicia.

Na nova etapa histórica inaugurada hai pouco máis dun ano polo goberno que me honro en presidir, temos necesidade de institucións que sexan á vez fortes e próximas, que interactúen continuamente cunha sociedade que é a súa máis fundamental razón de ser. De institucións que sexan capaces de liderar e tamén de escoitar, de propoñer e de recibir propostas. Institucións abertas, capaces de dialogar e de chegar a acordos.

Esta capacidade institucional para impulsar o diálogo e para favorecer o consenso foi a que mostrou aínda recentemente a Real Academia Galega, posibilitando un proceso de concordia normativa que desactivou case por completo unha situación que estaba pesando gravemente sobre a imaxe social da lingua e sobre o seu proceso de normalización.

(\*\*\*)



E, dígollelo francamente, creo que se a Academia foi capaz de poñer de acordo a profesores, escritores, lingüistas e filólogos arredor da normativa, mal será que os partidos políticos galegos non sexamos capaces de poñermonos de acordo sobre a reforma do Estatuto.

Unha reforma necesaria para actualizar o conxunto de dereitos e deberes, procedentes dos valores que historicamente, nos unen como galegos, que van medrando ao compás das transformacións que experimenta a sociedade.

Aos valores tradicionais da sociedade galega: amor polo traballo, sentimento da terra, amor á lingua e á cultura debemos sumarlles hoxe, os valores incorporados pola nosa historia máis recente: a liberdade, a convivencia en democracia, autogoberno, dignidade colectiva, conciencia ambiental, vontade de desenvolvemento económico e de progreso social e responsabilidade cívica.

Ben apegados á terra que nos proporciona a enerxía necesaria, respectuosos co legado dos devanceiros, erguemos a vista cara ao horizonte para abrir novos camiños e novos horizontes.

Demos un paso adiante e iniciamos a revisión do noso Estatuto de Autonomía, a norma que, durante o último cuarto de século, estableceu un excelente marco de convivencia democrática.

Propoñémonos avanzar no autogoberno, anchar a nosa capacidade de decisión sobre os propios asuntos, mellorar o sistema de financiamento autonómico e dispoñer de instrumentos de participación noutras esferas políticas.

E propoñémonos facelo co concurso de todos, sen deixar a ninguén fóra da casa que pretendemos rehabilitar. Unha casa na que se recoñezan todos os galegos e galegas, que a sintan como propia, pero aberta, hospitalaria e solidaria coas que habitan os demais españois. Máis ca un texto legal, gorentamos crear unha forza centrípeta que non deixe a ningún galego á marxe deste proceso colectivo.

Seremos así, dignos da confianza que, como xestores dos asuntos públicos, depositaron en nós as nosas xentes.

Esta medalla de ouro de Galicia que hoxe recibe a Real Academia é, xa que logo, o recoñecemento a un pasado de perseverante dignidade, difícil e cheo de vicisitudes complicadas, tanto como un estímulo para que siga camiñando nas frutíferas direccións que sinala o seu presente.

Pero de pouco nos servirá dispoñer dunha Academia moderna, dinámica e eficaz no cumprimento das funcións que as leis e os seus propios estatutos lle encomendan, se as galegas e os galegos non acompañamos e apoiamos a súa acción reforzando a nosa conciencia sobre a necesidade de preservar e enriquecer o noso patrimonio lingüístico, histórico e cultural.



De coidalo como o que é: un legado construído e acumulado durante séculos por xeracións e xeracións de galegas e galegos, a proba máis contundente da nosa continuidade histórica como pobo e o elemento que está na base do noso recoñecemento xurídico-político, constitucional e estatutario, como nacionalidade histórica, como singularidade nacional.

Esa función definidora da lingua galega é aceptada polo conxunto das cidadás e dos cidadáns de Galicia, independentemente do idioma que cada un escolla como opción comunicativa.

Por iso é bo, democrático e necesario, un dereito de todos os cidadáns, que a lingua galega saia fortalecida do proceso de reforma do Estatuto de autonomía, consagrándose a súa plena equiparación xurídica co castelán.

Remato xa. Parabéns, señor Presidente da Real Academia Galega por esta merecida Medalla de Ouro de Galicia e por estes cen anos de historia, de empeño, de dedicación e traballo a prol de Galicia, da súa lingua, da súa cultura e da súa memoria.

Máis nada. Moitas grazas